



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

01 ABR. 2024 20:07:06

Entrada **18946**

Sobre o informe do Tribunal de Contas en relación ao proceso de integración do IEO ao CSIC

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao Informe crítico do Tribunal de Contas sobre o proceso de integración dos centros IEO no CSIC e necesidade de repensar a referida absorción.**

A decisión do Ministerio de xullo de 2020 de integrar o IEO dentro da estrutura da Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), foi moi cuestionada tanto polo persoal do centro oceanográfico como do sector do mar.

Malia o rexeitamento, o Ministerio seguiu adiante co seu plan de integración dos centros galegos oceanográficos no CSIC. Aprobou o Real Decreto 202/2021, do 30 de marzo, polo que se reorganizan determinados organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado e modifícase o Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e apróbase o seu Estatuto, e o Real Decreto 404/2020, do 25 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Co tempo demostrouse que non serviu para liquidar os problemas de financiamento do IEO nin tampouco para axilizar as actuacións de mantemento duns edificios en avanzado estado de degradación.

Dous anos despois da integración, o Tribunal de Contas constatou que a integración do IEO e do INIA fixose sen contar cun plan de acción, sen

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

01 ABR. 2024 20:07:06

Entrada **18946**



calendario e sen adaptar a estrutura de funcionamento. É dicir, máis que unha integración foi unha adición. Fixo unha incorporación de bens das OPI ao inventario do CSIC sen actualizalo.

A conclusión do Tribunal de Contas é que “a integración aínda non está culminada”. Sinala como deficiencias a falta de vías de comunicación entre os organismos, a falta de harmonización das diferentes culturas de xestión, non teñen as contas ao día e non se constituíron as comisións reitoras dos centros estatais.

Cuestionase a tese do aforro de 12,09 millóns que se calculaba coa integración, así como a memoria de análise de impacto normativo (MAIN), xa que non queda acreditado na mesma que se tivesen en conta as posibles alternativas á integración, cun estudo adecuado dos seus beneficios ou prexuízos que xustificase dita absorción. Tampouco se concreta o suposto aforro de 12,09 millóns. En conclusión, non existe unha análise seria e rigorosa que razoe a necesidade dunha integración que non foi compartida nin apoiada polo BNG.

Ademais, o Tribunal de Contas indica que non están definidos os parámetros para medir os resultados. A memoria de impacto estableceu que a integración debía someterse a unha avaliación de resultados tres anos despois, pero non concretou os instrumentos para iso. De feito, o Consello de Estado recomendou recollelo no decreto.

Conclúe o Tribunal de Contas que o CSIC debe desenvolver un plan de acción cun calendario, con instrumentos de cogobernanza e que defina os instrumentos para o logro dos obxectivos de integración e a relación coas “sinerxías científicas”.

Considera o órgano fiscalizador que se optou pola integración sen analizar o proceso rigorosamente e sen xustificar adecuadamente as razóns que levaron a apostar pola absorción.

Neste sentido, cabe engadir que o Ministerio de Ciencia encargou no seu momento a un grupo de traballo formado por persoal propio, do CSIC, do IEO e doutras institucións externas, un diagnóstico da situación do IEO e das



posibles alternativas ou solucións, cando se produciu o seu colapso económico a pesar de contar cun remanente de 90 millóns.

O grupo conformado polo persoal do IEO recolleu unha serie de deficiencias, puxo de manifesto medidas pero en ningún momento recomendou unha integración como solución. Ademais, o persoal investigador destacaba que as culturas de xestión de ambas as entidades non gardaban ningunha relación debido a que o IEO funcionaba por departamentos segundo áreas científicas e o CSIC conta cunha estrutura máis vertical.

O BNG foi moi crítico co proceso de absorción e advertimos que non era o camiño, agora confirmase, por desgraza, o que xa sabiamos. Naquel momento defendimos e seguimos a defender, a transferencia dos centros do IEO á Galiza para unha xestión autónoma e cun funcionamento que reverta no beneficio do sector mar industria. Entre tanto, debe abrirse un proceso de colaboración entre a Xunta e os centros de IEO con sede na Galiza, para poder mellorar a xestión e avanzar nos traballos en coordinación coas necesidades do sector marítimo-pesqueiro galego.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que valoración realiza o Ministerio de Ciencia da aplicación do Real Decreto 202/2021, do 30 de marzo, polo que se reorganizan determinados organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado e modifícase o Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro, polo que se crea a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas e apróbase o seu Estatuto, e o Real Decreto 404/2020, do 25 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Ciencia e Innovación, no que respecta á absorción dos centros de IEO no CSIC?
2. Que análise realiza a respecto da integración dos centros de IEO con sede en Galiza (Vigo e A Coruña) no CSIC? Non cre que se tratou dunha



- decisión desacertada e que o tempo está a demostrar que non serviu para liquidar os problemas de financiamento do IEO como advertiu o BNG no seu momento e o persoal do IEO en Vigo?
3. Que posición ten o Ministerio en relación ao Informe do Tribunal de Contas que indica que a integración do IEO e do INIA fíxose sen contar cun plan de acción, sen calendario e sen adaptar a estrutura de funcionamento, deixando en evidencia que o proceso non se fixo adecuadamente?
 4. Aforráronse os 12,09 millóns que o Ministerio utilizou como un dos argumentos para xustificar a integración?
 5. Que alega sobre o cuestionamento que o Tribunal de Contas realiza da memoria de análise de impacto normativo (MAIN) no que non se acredita que se tivesen en conta posibles alternativas á integración, cun adecuado estudo dos seus beneficios ou prexuizos?
 6. Á vista das conclusións do Tribunal de Contas, non cre o Ministerio que se actuou precipitadamente, sen o necesario rigor, sen o análise pertinente, sen ter en conta os informes do grupo de traballo do IEO que detallaba as necesidades do devandito organismo pero en ningún momento expuña unha integración no CSIC?
 7. A que se debe que nin sequera se definisen os parámetros para medir os resultados cando a memoria de impacto establecía que a integración debía someterse a unha avaliación de resultados tres anos despois? Definiuse que órgano tería que levar a cabo dita avaliación de resultados? Por que non se incluíu no Real Decreto como recomendaba o Consello de Estado?
 8. Como se explica que se efectúe un proceso de integración dos centros IEO no CSIC desta maneira, sen os pertinentes estudos, sen contar co persoal investigador implicado, as CC.AA nin co sector mar - industria?



9. Por que non se tiveron en conta os informes de diagnóstico da situación do IEO que fixo o persoal do oceanográfico e que en ningún momento recomendaba a integración?
10. Que disposición ten o Goberno para estudar a transferencia á Galiza dos centros do IEO no territorio galego (Vigo, A Coruña) que conta con pronunciamentos aprobados no Parlamento galego nese sentido?
11. Está disposto o Goberno a reflexionar sobre unha integración que foi moi cuestionada e que non está a funcionar? Non cre que é mellor manter a autonomía dos centros de IEO?

Madrid, a 1 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al Informe crítico del Tribunal de Cuentas sobre el proceso de integración de los centros IEO en el CSIC y necesidad de repensar dicha absorción.**

La decisión del Ministerio de julio de 2020 de integrar el IEO dentro de la estructura de la Agencia Estatal del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), fue muy cuestionada tanto por el personal del centro oceanográfico como del sector del mar.

A pesar del rechazo, el Ministerio siguió adelante con su plan de integración de los centros gallegos oceanográficos en el CSIC. Aprobó el Real Decreto 202/2021, de 30 de marzo, por el que se reorganizan determinados organismos públicos de investigación de la Administración General del Estado y se modifica el Real Decreto 1730/2007, de 21 de diciembre, por el que se crea la Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas y se aprueba su Estatuto, y el Real Decreto 404/2020, de 25 de febrero, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio de Ciencia e Innovación.

Con el tiempo se demostró que no sirvió para liquidar los problemas de financiación del IEO ni tampoco para agilizar las actuaciones de mantenimiento de unos edificios en avanzado estado de degradación.



Dos años después de la integración, el Tribunal de Cuentas constató que la integración del IEO y del INIA se hizo sin contar con un plan de acción, sin calendario y sin adaptar la estructura de funcionamiento. Es decir, más que una integración fue una adición. Hizo una incorporación de bienes de las OPI al inventario del CSIC sin actualizarlo.

La conclusión del Tribunal de Cuentas es que “la integración aún no está culminada”. Señala como deficiencias a falta de vías de comunicación entre los organismos, la falta de armonización de las diferentes culturas de gestión, no tienen las cuentas al día y no se constituyeron las comisiones rectoras de los centros estatales.

Se cuestiona la tesis del ahorro de 12,09 millones que se calculaba con la integración, así como la memoria de análisis de impacto normativo (MAIN) ya que no queda acreditado en la misma que se tuvieran en cuenta las posibles alternativas a la integración, con un estudio adecuado de sus beneficios o perjuicios que justificase dicha absorción. Tampoco se concreta el supuesto ahorro de 12,09 millones. En conclusión, no existe un análisis serio y riguroso que razone la necesidad de una integración que no fue compartida ni apoyada por el BNG.

Además, el Tribunal de Cuentas indica que no están definidos los parámetros para medir los resultados. La memoria de impacto estableció que la integración debía someterse a una evaluación de resultados tres años después, pero no concretó los instrumentos para eso. De hecho, el Consejo de Estado recomendó recogerlo en el decreto.

Concluye el Tribunal de Cuentas que el CSIC debe desarrollar un plan de acción con un calendario, con instrumentos de cogobernanza y que defina los instrumentos para el logro de los objetivos de integración y la relación con las “sinergias científicas”.

Considera el órgano fiscalizador que se optó por la integración sin analizar el proceso rigurosamente y sin justificar adecuadamente las razones que llevaron a apostar por la absorción.



En este sentido, cabe añadir que el Ministerio de Ciencia encargó en su momento a un grupo de trabajo formado por personal propio, del CSIC, del IEO y de otras instituciones externas, un diagnóstico de la situación del IEO y de las posibles alternativas o soluciones, cuando se produjo su colapso económico a pesar de contar con un remanente de 90 millones.

El grupo conformado por el personal del IEO recogió una serie de deficiencias, puso de manifiesto medidas pero en ningún momento recomendó una integración como solución. Además, el personal investigador destacaba que las culturas de gestión de ambas entidades no guardaban ninguna relación puesto que el IEO funcionaba por departamentos según áreas científicas y el CSIC cuenta con una estructura más vertical.

El BNG fue muy crítico con el proceso de absorción y advertimos que no era el camino, ahora se confirma, por desgracia, lo que ya sabíamos. En aquel momento defendimos y seguimos defendiendo, la transferencia de los centros del IEO a Galiza para una gestión autónoma y con un funcionamiento que revierta en el beneficio del sector mar industria. Entre tanto, debe abrirse un proceso de colaboración entre la Xunta y los centros de IEO con sede en Galiza, para poder mejorar la gestión y avanzar en los trabajos en coordinación con las necesidades del sector marítimo-pesquero gallego.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué valoración realiza el Ministerio de Ciencia de la aplicación del Real Decreto 202/2021, de 30 de marzo, por el que se reorganizan determinados organismos públicos de investigación de la Administración General del Estado y se modifica el Real Decreto 1730/2007, de 21 de diciembre, por el que se crea la Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas y se aprueba su Estatuto, y el Real Decreto 404/2020, de 25 de febrero, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio de Ciencia e



Innovación, en lo que respeta a la absorción de los centros de IEO en el CSIC?

2. ¿Qué análisis realiza a respecto de la integración de los centros de IEO con sede en Galiza (Vigo y A Coruña) en el CSIC? ¿No cree que se trató de una decisión desacertada y que el tiempo está demostrando que no sirvió para liquidar los problemas de financiación del IEO como advirtió el BNG en su momento y el personal del IEO en Vigo?
3. ¿Que posición tiene el Ministerio en relación al Informe del Tribunal de Cuentas que indica que la integración del IEO y del INIA se hizo sin contar con un plan de acción, sin calendario y sin adaptar la estructura de funcionamiento, dejando en evidencia que el proceso no se hizo adecuadamente?
4. ¿Se ahorraron los 12,09 millones que el Ministerio utilizó como uno de los argumentos para justificar la integración?
5. ¿Qué alega sobre el cuestionamiento que el Tribunal de Cuentas realiza de la memoria de análisis de impacto normativo (MAIN) en el que no se acredita que se tuvieron en cuenta posibles alternativas a la integración, con un adecuado estudio de sus beneficios o perjuicios?
6. ¿A la vista de las conclusiones del Tribunal de Cuentas, no cree el Ministerio que se actuó precipitadamente, sin el necesario rigor, sin el análisis pertinente, sin tener en cuenta los informes del grupo de trabajo del IEO que detallaba las necesidades del dicho organismo pero en ningún momento exponía una integración en el CSIC?
7. ¿A qué se debe que ni siquiera se definieran los parámetros para medir los resultados cuando la memoria de impacto establecía que la integración debía someterse a una evaluación de resultados tres años después? ¿Se definió qué órgano tendría que llevar a cabo dicha



- evaluación de resultados? ¿Por qué no se incluyó en el Real Decreto como recomendaba el Consejo de Estado?
8. ¿Cómo se explica que se efectúe un proceso de integración de los centros IEO en el CSIC de esta manera, sin los pertinentes estudios, sin contar con el personal investigador implicado, las CCAA ni con el sector mar - industria?
 9. ¿Por qué no se tuvieron en cuenta los informes de diagnóstico de la situación del IEO que hizo el personal del oceanográfico y que en ningún momento recomendaba la integración?
 10. ¿Qué disposición tiene el Gobierno para estudiar la transferencia a la Galicia de los centros del IEO en el territorio gallego (Vigo, A Coruña) que cuenta con pronunciamientos aprobados en el Parlamento gallego en ese sentido?
 11. ¿Está dispuesto el Gobierno a reflexionar sobre una integración que fue muy cuestionada y que no está funcionando? ¿No cree que es mejor mantener la autonomía de los centros de IEO?

Madrid, a 1 de abril de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso